


# INSTRUCCIÓN PARA O ENVIO DO ARQUIVO ELECTRÓNICO COS TRAZADOS DOS CAMIÑOS

Pasos a seguir.


1. Abrimos o programa Google Earth, (no que se trazarán os camiños)



2. No buscador (arriba á esquerda) introducimos o nome do concello e dámoslle a buscar (cando o estamos a escribir deberían aparecer varias opcións podemos pulsar nunha delas e darlle a buscar)




3. Localizamos a zona onde se vai a levar a cabo a primeira das actuacións e vamos cara ela premendo o botón esquerdo do rato no centro da pantalla e movendo cara a zona que nos interese (sen soltar o botón do rato).



4. Unha vez na zona, vamos a trazar a primeira das liñas que corresponde coa primeira actuación.

4.1. O primeiro e establecer un Zoom suficiente para trazar comodamente e coa maior precisión posible, é dicir que vexamos perfectamente por onde imos pasar co rato marcando os puntos, isto farémolo movento a roda do rato cara a diante.


4.2. Agora no menu Añadir (na parte superior esquerda da pantalla) escollemos "Ruta"




Abrirose unha ventá na que debemos cumprimentar unha serie de datos e veremos que o punteiro, que antes era unha man, agora é un cuadradillo que nos axudará a trazar a ruta.

4.3. Agora poñemos o nome que identificará a Ruta (como se ve no exemplo gráfico),


e o código do INE (5 díxitos) correspondente ao Concello no espazo adicado á Descrición..




4.4. Agora seleccionamos a pestana "Estilo, Color" é escollemos a cor vermella facendo clic co botón esquerdo do rato sobre o cadradiño que ten unha cor branca (debería ser branca, aínda que puidera non selo) . Onde pon "Anchura" poñemos 2,0.




4.5. Agora prememos na pestana de "Medidas" e cambiamos "Millas" por "Metros". **IMPORTANTE** en ningún momento debemos pulsar o botón **Aceptar** xa que iso implicaría ter que repetir todo o proceso anterior.






4.6. Agora, poñendo o rato na parte superior da ventaniña de Ruta (onde pon "Google Earth - Nueva Ruta") pinchamos e, sen deixar de pulsar, arrastramos a ventaniña a un lateral da pantalla (como aparece na imaxe) para que non nos moleste á hora de trazar a Ruta.





5. Soamente queda trazar o camiño. Poñémonos co rato no punto de comezo e marcamos o primeiro punto, pulsando e soltando o botón esquerdo. Agora movemos o punteiro cara onde tomaremos o segundo dos puntos, pulsamos de novo e volvemos a soltar, e así trazaremos todo o camiño (cada punto que marquemos quedará representado por un pequeno cadrado).



6. Unha vez que rematamos de marcar tódolos puntos da ruta voltamos a poñer a ventá de "Nueva Ruta", que antes levamos cara un lateral, no centro da pantalla e pulsamos "Aceptar". Vemos que agora a Ruta aparece no Menú da esquerda da pantalla. Este proceso debemos aplicalo a cada un dos camiños propostos



7. Unha vez trazados tódolos camiños, debemos crear unha carpeta para agrupalos. Para facelo vamos ós menús da parte superior e en "Añadir" seleccionamos "Carpeta" poñemoslle (Camiños + Nome do Concello) exemplo "Camiños Teo". Agora so temos que seleccionar cada unha das actuacións que fixemos e mantendo pinchado co rato sobre ela (boton esquerdo) arrastrala a esa carpeta. Ese será o ficheiro que se remitirá a AGADER para a súa validación



8. Para Exportar a carpeta cos camiños poñémonos enriba do nome da carpeta e prememos o botón dereito do rato, seleccionamos “Guardar lugar como” e indicámoslle onde queremos gardalo e o nome do ficheiro (podemos deixar o nome da carpeta). É importante que no Tipo de ficheiro poñades .KML en lugar do .KMZ que ven por defecto.

